

# DOMINGO X ORDINARIO

88.-

## PRIMEIRA LECTURA

### **Amor quero e non sacrificio**

Lectura do libro do profeta Oseas 6, 3-6

Esforcémonos por coñece-lo Señor:  
a súa irrupción é segura coma a alba.  
Viranos á terra certamente unha chuvia forte,  
si, a chuvia da primavera  
e a chuvia do outono.  
«¿Que che vou facer, Efraím? ¿Que che vou facer, Xudá?  
O voso amor é coma a nube da mañá,  
coma o orballo da madrugada, que pasa.  
Por isto ferín co meu terrible oráculo,  
matei coas palabras da miña boca,  
e a miña sentencia brilla coma o sol,  
pois quero amor, e non sacrificios,  
prefiro o coñecemento de Deus ós holocaustos.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 49, 1 e 8. 12-13. 14-15 (R.: 23b)**

R.: Ó que vai por bo camiño dareille a salvación de Deus.

Fala o Señor, o Deus dos deuses,  
convoca a terra desde oriente a occidente.  
Non te reprendo polos teus sacrificios,  
pois os teus holocaustos están sempre diante miña. R.

Se tivese fame, non cho iría dicir,  
pois meu é o mundo e canto o enche.  
¿Acaso como eu carne de touros  
e bebo sangue de carneiros? R.

Ofrécelle a Deus a loanza  
 e cumpre os teus votos ó Altísimo.  
 Invócame no tempo do apuro:  
 eu salvareite e ti darasme gloria. R.

## SEGUNDA LECTURA

### Forteceuse na fe dando gloria a Deus

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 4, 18-25

Irmáns:

Contra toda esperanza, Abrahán creu, apoiado na esperanza, de xeito que chegou a ser pai de moitas nacións, como se lle dixera: así será a túa liñaxe.

E non abalou na fe, anque ben vía que o seu corpo xa estaba morto —tiña ó pé de cen anos— e que morto estaba tamén o seo de Sara.

Diante da promesa de Deus non dubidou por incredulidade, senón que se forteceu na fe, dando gloria a Deus, ben seguro de que é poderoso para cumplir-lo prometido. Por iso valeulle a xustificación.

Estas palabras non se escribiron soamente por el, senón tamén por nós. Pois hanos valer tamén a nós, que cremos naquel que resucitou dos mortos a Xesús, noso Señor, que foi entregado por culpa dos nosos pecados e foi resucitado por mor da nosa xustificación.

Palabra do Señor.

Aleluia Lc 4, 18

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Mandoume o Señor evanxeliza-los pobres;  
 predicárlle-la liberación ós cativos.

Aleluia.

## EVANXEO

**Non vin chama-los xustos senón os pecadores**

**+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 9, 9-13**

Naquel tempo, ó pasar por alí, Xesús viu un home, chamado Mateo, que estaba sentado ó mostrador da contribución, e díolle:  
—«Sígueme.»

El ergueuse e seguiuno.

E resulta que, estando Xesús á mesa na casa de Mateo, viñeron moitos publicanos e pecadores, e puxéronse tamén á mesa con Xesús e mailos seus discípulos.

Cando tal viron os fariseos, dixéronlles ós discípulos del:

—«¿Como é que o voso Mestre está a comer con publicanos e pecadores?»

El oíuno e dixo:

—«Non precisan de médico os sans, senón os enfermos. Ide, pois, aprende-lo que significa aquilo de: “Misericordia quero e non sacrificios”, porque non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO XI ORDINARIO

91.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Seredes para min reino de sacerdotes e pobo santo**

Lectura do libro do Éxodo    **19, 2-6a**

Naqueles días, en chegando os fillos de Israel ó deserto do Sinaí, acamparon alí, ó pé do monte. Moisés subiu ó encontro de Deus, e o Señor chamouno desde a montaña, para mandarlle dicir ós descendentes de Xacob, comunicarlles ós israelitas:

—«Vistes como tratei ós exipcios, como vos levantei a vós sobre ás de aguia e vos acheguei a min.

Se agora me obedecedes e gardáde-la miña alianza, seréde-la miña propiedade escolleita entre tó dolos pobos, pois a terra é toda miña.

Vós seredes para min un reino de sacerdotes, un pobo consagrado.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 99, 2. 3. 5 (R.: 3c)**

**R.:** Sómo-lo seu pobo, as ovellas do seu rabaño.

Aclama ó Señor terra enteira,  
servide o Señor con alegría,  
entrade á súa presencia con gritos de xúbilo. **R.**

Sabede que o Señor é Deus,  
que El nos fixo e que somos del,  
que sómo-lo seu pobo,  
as ovellas do seu rabaño. **R.**

Porque o Señor é agarimoso,  
a súa misericordia dura por sempre,  
a súa fidelidade, de xeración en xeración. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

**Se fomos reconciliados pola morte do Fillo,  
moito más seremos salvados pola súa vida**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 5, 6-11

Irmáns:

De certo, xusto cando nós estabamos aínda sen forzas, no tempo preciso, Cristo morreu polos impíos. Non é doado que alguén morra por un home xusto (anque por un home bo, aínda alguén estea disposto a morrer); pero Deus demostróuno-lo seu amor no feito de que, sendo aínda nós pecadores, Cristo morreu por nós.

Con máis razón logo, xustificados agora polo seu sangue, seremos por El salvados da ira. Porque, se cando eramos aínda inimigos, fomos reconciliados con Deus mediante a morte do seu Fillo, tanto más agora, xa reconciliados, seremos salvados pola súa vida.

Aínda más: mesmo nos sentimos ledos en Deus por medio do noso Señor Xesús Cristo, por quen agora recibímo-la reconciliación.

Palabra do Señor.

**Aleluia Mc 1, 15**

**Se non se canta, pódese omitir.**

Aleluia, aleluia.

Chega o Reino de Deus:  
convertédevos e crede no Evanxeo.  
Aleluia.

## EVANXEO

**Convocados os doce discípulos, mandounos evanxelizar**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 9, 36—10, 8

Naquel tempo, vendo Xesús a multitudine, sentiu unha fonda compaixón por ela, porque estaban todos derreados e esmorecidos coma ovellas sen pastor. Entón díxolle ós discípulos:

—«A seara é grande, pero os traballadores son poucos; así que rogádelle ó dono da seara que mande traballadores á súa seara.»

E coa mesma, chamou os seus doce discípulos, e deulles poder para botaren fóra os espíritos malos e curaren toda enfermidade e toda doença.

Estes son os nomes dos doce apóstolos: O primeiro, Simón, chamado Pedro, e mais Andrés, seu irmán; Santiago, o de Zebedeo, e mais Xoán, seu irmán; Filipe e Bartolomeu; Tomé e Mateo, o publicano; Santiago, o de Alfeo, e mais Tadeo; Simón, o Zelota, e Xudas Iscariote, o mesmo que o entregou.

Xesús enviou a estes doce con estas instruccóns:

—«Non vaiades a terra de pagáns nin entredes en vilas de samaritanos; ide máis ben ás ovellas perdidas da casa de Israel. E mentres camiñades, proclaimade que xa chega o Reino dos Ceos.

Curade enfermos, resucitade mortos, limpade leprosos, expulsade os demos. E xa que de balde recibistes, dade de balde tamén.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO XII ORDINARIO

94.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Liberou a vida do pobre da man dos malvados**

Lectura do libro de Xeremías 20, 10-13

Dixo Xeremías:

«Xa estou oíndo a sentencia,  
aumenta o terror arredor:

“Denunciádeo, denunciémolo.”

Tódolos que se fiaban da miña mensaxe de paz,  
agardan a miña caída:

“A ver se se deixá seducir:  
poderemos con el, e vingarémonos del.”

Polo Señor suspiro, como por un forte loitador;  
por isto os meus perseguidores caen, non me poden.  
Quedarán cubertos de vergonza porque non tiveron éxito,  
non deixarán esquecida esta vergonza perpetua.

Señor dos Exércitos, que pos a proba o xusto,  
que ve-los sentimentos e mailas intencións,  
eu hei ver como te vingas deles,  
pois a ti encomendei o meu preito.

Cantádelle ó Señor,  
loade o Señor,  
pois libra a vida dun pobre do poder dos malvados.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 68, 8-10. 14 e 17. 33-35 (R.: 14c)**

**R.: Pola túa moita bondade, escóitame, Señor.**

Por ti aturo eu afrontas  
 e cóbreme a cara a vergonza.  
 Volvinme estraño para meus irmáns,  
 alleo ós fillos da miña nai.  
 Consómeme o celo da túa casa  
 e as aldraxes dos que te aldraxan  
 caen enriba de min. **R.**

Mais eu, Señor, suplico cara a ti,  
 na hora, meu Deus, do teu favor.  
 Pola túa moita bondade,  
 respóndeme, pois ti e-lo socorro verdadeiro.  
 Respóndeme, Señor, conforme ó teu amor,  
 pola túa misericordia, vólvete a min. **R.**

Olládeo, humildes, e alegrádevos,  
 avivecede o corazón os que buscáde-lo Señor,  
 pois o Señor escoita ós humildes,  
 non despreza ós seus na cadea.  
 Lóente o ceo e maila terra. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### **Non hai comparanza entre o delicto e o don**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **5, 12-15**

Irmáns:

Como por un home entrou o pecado no mundo e polo pecado a morte, así a tódolos homes chegou a morte, pois todos pecaron.

Porque, ata o tempo da Lei había pecado no mundo, pero o pecado non se imputaba ó non haber Lei.

Mesmo así, a morte dominou desde Adán ata Moisés, tamén sobre aqueles que non pecaron cunha transgresión semellante á de Adán, que é antecesor do home que debía vir.

Pero non hai comparanza entre o delicto e o don. Porque, se polo delicto dun home morreron tódolos outros, moito más a gracia de Deus e a liberalidade na benevolencia dun home, Xesús Cristo, rebordaron sobre todos.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 15, 26b. 27a

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

O Espírito da verdade dará testemuño de min, di o Señor;  
tamén vós daredes testemuño.

Aleluia.

### EVANXEO

#### **Non lles teñades medo ós que matan o corpo**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 10, 26-33

Naquel tempo, díxolle Xesús ós seus apóstolos:

—«Non lles teñades medo ós homes, que non hai cousa encuberta que non se acabe descubrindo, nin cousa oculta que non se acaba sabendo. O que vos digo na escuridade, faládeo á plena luz; e o que oídes ás agachadas, pregoádeo desde as azoteas.

Non lles teñades medo ós que matan o corpo, pero non poden mata-la alma; temede más ben a aquel que pode arruina-lo corpo e a alma no inferno.

¿Non se venden un par de pardais por un as? Con todo, nin sequera un deles cae no chan sen o consentimento do voso Pai. E en canto a vós, mesmo os cabelos da vosa cabeza están todos contados. Así que non teñades medo, vós valedes más ca tódolos pardais xuntos.

Todo o que volva por min diante dos homes, tamén eu hei volver por el diante de meu Pai, que está nos ceos; pero quen me negue diante dos homes, eu negareino a el diante de meu Pai, que está nos ceos.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO XIII ORDINARIO

97.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Ese home de Deus é un santo varón; que permaneza alí**

Lectura do libro segundo dos Reis 4, 8-11. 14-16a

Un día que pasaba Eliseo por Xunam, unha muller rica porfioulle que quedase a xantar. Desde aquela, cada vez que pasaba por alí, detíñase a comer.

A muller díxolle ó seu home:

—«Escoita, eu sei que ese home de Deus, que pasa sempre por aquí, é un santo varón. Podíámosslle preparar arriba no faiado un cuarto pequeno, cunha cama, unha mesa, unha cadeira e un candeeiro, para que poida descansar, cando pase por onda nós.»

Un día que Eliseo pasaba por alí, retirouse ó cuarto e durmiu nel. Díxolle, logo, Eliseo ó seu criado Guehazí:

—«¿Que se pode facer por ela?»

Guehazí dixo:

—«Unha cousa: ela non ten fillos, e o seu home é vello.»

Entón díxolle Eliseo:

—«Chama por ela.»

El chamouna, e ela presentouse onda a porta.

Eliseo anuncioulle:

—«O ano que vén, por estas datas, terás un fillo no colo.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 88, 2-3. 16-17. 18-19 (R.: 2a)**

**R.: Quero cantar por sempre o amor do Señor.**

Quero cantar por sempre o amor do Señor,  
pregoar polas xeracións a súa fidelidade:  
«Penso que o teu amor está fundado co mundo,  
a túa fidelidade asentada cos ceos.» **R.**

Feliz o pobo que sabe aclamarte  
e camiñar, Señor, na luz da túa presencia.  
O teu nome fai a súa ledicia o día enteiro,  
a túa xustiza é a súa gloria. R.

Ti es, en verdade, a súa gloria e a súa forza,  
polo teu favor erguemos nós a testa.  
O Señor é o noso escudo,  
o santo de Israel, o noso rei. R.

## SEGUNDA LECTURA

### Conseptados con el polo bautismo, andemos en vida nova

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 6, 3-4. 8-11

Irmáns:

¿Ignorades que a cantes nos bautizaron en Cristo Xesús,  
bautizáronos na súa morte?

Enterráronnos, logo, con el polo bautismo na morte, para que,  
como Cristo resucitou dos mortos pola gloria do Pai, así tamén nós  
camiñemos nunha vida nova.

Se xa morremos con Cristo, cremos que tamén viviremos con El;  
e ben sabemos que Cristo, resucitado dos mortos, xa non morre  
máis, a morte xa non pode nada contra El. Porque o seu morrer foi  
un morrer ó pecado para sempre, mais o seu vivir é un vivir para  
Deus.

Así tamén, vós considerádevos mortos ó pecado e vivos para Deus  
en Cristo Xesús.

Palabra do Señor.

Aleluia 1 Pe 2, 9

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Vós sodes raza elixida, sacerdocio real, pobo santo;  
proclamade a grandeza daquel que vos chamou das tebras  
para participardes na súa admirable luz.

Aleluia.

**EVANXEO**

**Quen non acepta a cruz non é digno de min.  
Quen vos recibe a vós, recíbeme tamén a mí**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 10, 37-42

Naquel tempo, díxolle Xesús ós seus apóstolos:

—«Quen ama a seu pai ou a súa nai máis ca a min, non é digno de min; e quen ama a seu fillo ou a súa filla máis ca a min, non é digno de min; e quen non carga coa súa cruz e me segue, non é digno de min. Quen encontre a súa vida, perderaa; pero quen a perda por min, encontraraa.

Quen vos recibe a vós, recíbeme a min; e quen me recibe a min, recibe o que me mandou. Quen recibe un profeta por ser profeta, terá recompensa de profeta; quen recibe un xusto por ser xusto, terá recompensa de xusto.

E quen dea de beber a un destes pequenos, anque soamente sexa un vaso de auga fresca, por ser discípulo meu, asegúrovos que non perderá a súa recompensa.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO XIV ORDINARIO

100.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Velaí vén o teu rei a ti coma pobre**

Lectura do libro de Zacarías 9, 9-10

Así fala o Señor:

«Relouca, filla de Sión,  
grita de ledicia, filla de Xerusalén.

Velaí chega o teu rei,  
é xusto e protexido do Señor,  
humilde e montado nun burro,  
si, nun burriño fillo dunha burra.

Eu acabarei cos carros de Efraím  
e cos cabalos de Xerusalén,  
acabarase o arco de guerra  
e El anunciará a paz ás nacións,  
reinará desde un mar a outro mar,  
desde o Éufrates ós confíns da terra.»

Palabra do Señor.

**Salmo responorial Sal 144, 1-2. 8-9. 10-11. 13cd-14 (R.: 1)**

**R.:** Meu Deus e meu rei, hei bendici-lo teu nome por sempre.

Ou:

Aleluia.

Meu Deus e meu rei, quero enxalzarte  
e bendici-lo teu nome por sempre.  
Hei bendicirte cada día,  
hei loa-lo teu nome por sempre. **R.**

O Señor é clemente e compasivo,  
tardo á ira e rico en misericordia.  
O Señor é bo para todos,  
agarimoso con tódalas súas obras. **R.**

Que te loen, Señor, as túas obras,  
e te bendigan os teus amigos.  
Que pregoen a gloria do teu reino,  
e falen do teu poder. **R.**

O teu reino é reino eterno,  
o teu goberno dura por tódalas xeracións.  
O Señor sostén a tó dolos que caen  
e endereita os que se dobran. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### **Se coa forza do Espírito mortificáde-las obras do corpo, viviredes**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 8, 9. 11-13

Irmáns:

Vivide conforme o Espírito, posto que o Espírito de Deus habita en vós: se algún non ten o Espírito de Cristo, ese non é de Cristo.

Se o Espírito do que resucitou dos mortos a Xesús habita en vós, o mesmo que resucitou a Cristo Xesús dos mortos, vivificará os vosos corpos mortais polo seu Espírito que habita en vós.

Polo tanto, irmáns, somos de certo debeedores, pero non da condición carnal, para vivirmos segundo ela.

Porque, se vivides segundo a condición carnal, habedes morrer; pero, se coa axuda do Espírito mortificáde-las obras do corpo, viviredes.

Palabra do Señor.

**Aleluia Cf. Mt 11, 25**

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Bendito es ti, Pai, Señor dos ceos e mais da terra,  
porque revelaches ós humildes os misterios do Reino.  
Aleluia.

## EVANXEO

### Son bo e humilde de corazón

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 11, 25-30

Naquel tempo, tomou Xesús a palabra e exclamou:

—«Eu bendígote, Pai, Señor do ceo e mais da terra, porque lles escondiches estas cousas ós sabios e ós prudentes e llelas revelaches ós pequenos. Así é, Pai, porque iso foi do teu agrado.

Tódalas cousas mas confiou meu Pai; e ninguén coñece ó Fillo agás o Pai, nin coñece ó Pai ninguén agás o Fillo, e aquel a quen o Fillo llo queira revelar.

Achegádevos a min tó dolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei. Cargade co meu xugo e aprendede de min, que son bo e humilde de corazón, e atoparedes acougo para as vosas almas; porque o meu xugo é levadeiro e a miña carga liviá.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO XV ORDINARIO

103.-

## PRIMEIRA LECTURA

**A chuvia fai xermina-la terra**

Lectura do libro de Isaías **55, 10-11**

Así fala o Señor:

«Velaquí: como a chuvia e a neve baixan do ceo  
e non volven alá sen enchoupa-la terra,  
fecundala e facela brotar,  
para que lle dea semente ó que sementou  
e pan ó que come,  
así tamén será a miña palabra que sae da miña boca:  
non volverá a min en van,  
senón que fará o que eu queira,  
e conseguirá aquilo para o que a mandei.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 64, 10abcd. 10e-11. 12-13. 14 (R.: Lc 8, 8)**

**R.:** A semente caeu en boa terra e deu froito.

Ti coidas e réga-la terra,  
enchóupala de bens;  
as canles de Deus van cheas de auga. **R.**

Ti fas agromá-la seara,  
réga-los sucos, achánza-los terróns,  
amolécela coas chuvias,  
e bendí-las súas sementes. **R.**

Ti coróa-la anada cos teus favores,  
as túas pegadas zumegan abundancia.  
Destilan os pastos do deserto  
e vístense de xúbilo os outeiros. **R.**

Cóbrense de rabaños os campos  
e enmantélanse de espigas os vales,  
cheos de ecos e de cantos. R.

## SEGUNDA LECTURA

**A esperanza viva da creación agarda arelante  
a revelación dos fillos de Deus**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 8, 18-23

Irmáns:

Penso que non hai comparanza entre os padecementos da vida presente e a gloria vindeira, que se vai revelar en nós.

Pois a esperanza viva da creación agarda arelante a revelación dos fillos de Deus. Porque a creación está sometida ó fracaso: non por propia vontade, senón polo poder daquel que a someteu, anque coa esperanza de que tamén a mesma creación será liberada da escravitude da corrupción e levada á salvación gloriosa dos fillos de Deus.

Pois sabemos que toda a creación vén xemendo ata hoxe e retórcese coma con dores coma de parto.

Máis aínda, nós mesmos, que témo-las primicias do Espírito, xememos dentro de nós, degorando pola filiación, pola liberación do noso corpo.

Palabra do Señor.

**Aleluia**

**Se no se canta, pódese omitir.**

Aleluia, aleluia.

A semente é a palabra de Deus, quen sementa é Cristo;  
quen o encontra, vivirá para sempre.

Aleluia.

## EVANXEO

### O sementador saíu a sementar

#### + Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 13, 1-23

Naquel día Xesús saíu da casa e foise sentar á beira do mar. Tanta era a xente reunida ó redor del, que tivo que subir e sentar nunha barca, mentres a xente toda ficaba na ribeira. E faloulles de moitas cousas en parábolas. Dicía:

—«O sementador saíu a sementar. E ó espalla-las sementes, algunhas foron caendo polo camiño adiante; viñeron os paxaros e coméronas. Outras caeron en terreo pedroso, onde a penas había terra; e naceron de contado, porque a terra non tiña fondura; pero non ben saíu o sol, queimounas, e, como non tiñan raíz, secaron. Outras caeron entre silvas, e as silvas, ó medraren, afogáronas. As outras caeron en terra boa e deron froito: Unha, cen; outra, sesenta; outra, trinta.

¡Quen teña oídos, que escoite!»

E achegándose os discípulos dixéronlle:

—«¿Por que lles falas en parábolas?»

El respondeulles:

—«Porque a vós concedéusevos coñece-los misterios do Reino dos Ceos, pero a eles non. Pois a quen ten daráselle ata sobrarlle; pero a quen non ten ainda o que ten se lle quitará. Por iso fálolle eu en parábolas, porque mirando, non ven, e escoitando, non oen nin entenden. Cúmprese así neles o que profetizara Isaías dicindo:

“Oír, oiredes, pero non entenderedes;  
ollar, ollaredes, pero non veredes.

Porque o corazón deste pobo está insensibilizado:

endureceron os seus oídos e pecharon os seus ollos,  
para non veren cos ollos, nin oíren cos oídos,  
nin entenderen co seu corazón  
nin se converteren para que eu os cure.”

¡Ditosos, en troques, os vosos ollos, porque ven, e mailos vosos oídos, porque oen! Pois asegúrovos que moitos profetas e xustos arelaron ve-lo que vós vedes, e non o viron, e oí-lo que vos oídes, e non o oíron.

Escoitade, logo, vós a parábola do sementador: Sempre que un escoita a Palabra do Reino e non a entende, vén o Maligno e arrepáñalle o sementado no seu corazón: esa é a que caeu no camiño.

O que caeu entre as pedras, vén ser aquel que, escoitando a Palabra, de seguida a recibe con alegría; pero, ó non ter raíz e ser inconstante, así que veñen as dificultades ou a persecución por causa da Palabra, de seguida abandona.

O que cae na silveira, vén ser aquel que escoita a Palabra; pero as preocupacións do mundo e o engado das riquezas afogan a palabra e queda sen dar froito.

Pero o que foi sementado en boa terra, vén ser aquel que escoita a Palabra e a comprende: este si que dá froito e produce nun caso cento, noutro sesenta e noutro trinta.»

Palabra do Señor.

---

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 13, 1-9

Naquel día Xesús saíu da casa e foise sentar á beira do mar. Tanta era a xente reunida ó redor del, que tivo que subir e sentar nunha barca, mentres a xente toda ficaba na ribeira. E faloulles de moitas cousas en parábolas. Dicía:

—«O sementador saíu a sementar. E ó espalla-las sementes, algunhas foron caendo polo camiño adiante; viñeron os paxaros e coméronas. Outras caeron en terreo pedroso, onde a penas había terra; e naceron de contado, porque a terra non tiña fondura; pero non ben saíu o sol, queimounas, e, como non tiñan raíz, secaron. Outras caeron entre silvas, e as silvas, ó medraren, afogáronas. As outras caeron en terra boa e deron froito: Unha, cen; outra, sesenta; outra, trinta.

¡Quen teña oídos, que escoite!»

Palabra do Señor.

---

# DOMINGO XVI ORDINARIO

106.-

## PRIMEIRA LECTURA

### **Impós penitencia sobre os pecados**

Lectura do libro da Sabedoría 12, 13. 16-19

Non hai, fóra de ti, un Deus que coide de tódalas cousas,  
a quen teñas que xustificar que non xulgas inxustamente;  
Xa que o teu poder é a fonte da xustiza,  
e seres ti o dono de todo lévate a amosarte indulxente.

Só fas proba da túa forza  
cando non se dá creto á totalidade dese poder,  
confundindo a audacia dos que o coñecen;  
así, dominando a túa forza, xulgas con equilibrio  
gobernándonos con toda consideración,  
pois na man te-lo poderío cando queres.

Con feitos semellantes ensinaches ó teu pobo  
que ó xusto lle cómpre ser humano;  
e ~~de~~steus fillos décheslle-la ditosa esperanza  
de concederelles despois dos pecados tempo de se arrepentir.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 85, 5-6. 9-10. 15-16a (R.: 5a)**

R.: Ti, Señor, es agarimoso e indulxente.

Ti, Señor, es agarimoso e indulxente,  
cheo de misericordia para os que te invocan.  
Escoita, Señor, a miña súplica,  
atende a miña pregaria. R.

Os pobos todos que ti creaches  
virán, Señor, adorarte,

virán honra-lo teu nome.  
Ti es grande e fas prodixios,  
ti e-lo único Deus. R.

Pero ti, Señor, Deus compasivo e clemente,  
tardo á ira, cheo de misericordia e leal,  
mira por min, apiádate. R.

## SEGUNDA LECTURA

**O Espírito en persoa intercede por nós  
con xemidos más fondos cás palabras**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 8, 26-27

Irmáns:

O Espírito acode a axuda-la nosa debilidade. Pois nós non sabémo-lo que debemos pedir como cómpre; pero o mesmo Espírito intercede por nós con laios inefables.

E o Deus que escruta os corazóns, coñece a intención do Espírito, pois El intercede polos crentes, conforme á vontade de Deus.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Mt 11, 25

Se no se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Bendito es ti, Pai, Señor dos ceos e mais da terra,  
porque lles revelaches ós humildes os misterios do Reino.  
Aleluia.

## EVANXEO

**Deixade que as dúas medren ata a seitura**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 13, 24-43

Naquel tempo, contoulles Xesús outra parábola:  
—«Parécese o Reino dos Ceos a un home que sementou boa semente na súa leira. Pero mentres todos durmían, o seu inimigo

veu sementar xoio polo medio do trigo e marchou. Cando espigou a planta e deu trigo, apareceu o xoio tamén.

Os criados do dono fóreronlle dicir: “Señor, ¿ti non sementaras boa semente na túa leira? ¿De onde lle vén, logo, o xoio?” El contestoulles: “Isto é obra dun inimigo.”

Os criados preguntáronlle: “¿Queres que o vaimos arrincar?” El respondeulles: “Non, non sexa que ó collérde-lo xoio arrinquedes tamén o trigo. Deixádeos medrar xuntos deica a sega, que no tempo da sega heilles dicir ós segadores: ‘Apañade primeiro o xoio, e atádeo en monllos para queimalo; e o trigo recollédeo na miña arca.’”»

E contoulles outra parábola:

—«O Reino dos Ceos é semellante a un gran de mostaza que un home sementou na súa horta. A mostaza vén sendo a máis pequerrecha de tódalas sementes; pero cando medra chega a ser meirande ca tódalas hortalizas, converténdose nunha árbore; de tal xeito, que mesmo os paxaros veñen face-lo niño nas súas ponlas.»

Díxolle outra parábola:

—«O Reino dos Ceos é semellante ó fermento que unha muller amasou en tres medidas de fariña ata que todo levedou.»

Todo isto lle falou Xesús en parábolas á xente, e nada lle falaba que non fose por medio de parábolas. De xeito que se cumprise o que dixerá o profeta:

«Abrirei a miña boca para dicir parábolas,  
proclamarei cousas escondidas  
desde que o mundo é mundo.»

Entón, deixando a xente, foise para a casa. Achegáronselle os seus discípulos e pedíronlle:

—«Explícano-la parábola do xoio na leira.»

El respondeu:

—«O que sementa a boa semente é o Fillo do Home; a leira é o mundo; a boa semente son os fillos do Reino; o xoio son os fillos do Malo. O inimigo que a sementa é o Satán; a sega é a fin do mundo e os segadores son os anxos.

E así como se entrecolle o xoio e se bota no lume, así pasará na fin do mundo. Mandará o Fillo do Home os seus anxos, e quitarán do seu Reino tó dolos escándalos e a tó dolos que fan o mal; e

botaranos no forno do lume, onde será o pranto e o renixer dos dentes.

Entón, os xustos resplandecerán coma o sol no Reino de seu Pai. Quen teña oídos que escoite.»

Palabra do Señor.

---

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 13, 24-30

Naquel tempo, contoulles Xesús outra parábola:

—«Parécese o Reino dos Ceos a un home que sementou boa semente na súa leira. Pero mentres todos durmían, o seu inimigo veu sementar xoio polo medio do trigo e marchou. Cando espigou a planta e deu trigo, apareceu o xoio tamén.

Os criados do dono fóronlle dicir: “Señor, ¿ti non sementaras boa semente na túa leira? ¿De onde lle vén, logo, o xoio?” El contestoulles: “Isto é obra dun inimigo.”

Os criados preguntáronlle: “¿Queres que o vaimos arrincar?” El respondeulle: “Non, non sexa que ó collérde-lo xoio arrinquedes tamén o trigo. Deixádeos medrar xuntos deica a sega, que no tempo da sega heilles dicir ós segadores: ‘Apañade primeiro o xoio, e atádeo en monllos para queimalo; e o trigo recollédeo na miña arca.’”»

Palabra do Señor.

---

# DOMINGO XVII ORDINARIO

109.-

## PRIMEIRA LECTURA

### Pediches sabedoría para ti

Lectura do libro primeiro dos Reis 3, 5. 7-12

Naqueles días, en Gabaón aparecélle Deus, no soño da noite, a Salomón e díxolle:

—«Pídeme o que queiras.»

Salomón respondeulle:

—«Señor, meu Deus, que fixeches que o teu servo reinase despois de meu pai David, sendo eu un rapaz pequeno, que non sabe nin conducirse. O teu servo atópase no medio deste pobo escollido por ti, un pobo grande e numeroso, que non se pode contar nin estimar.

Concédeelle, pois, ó teu servo un corazón escoitador, que saiba gobernar ben o teu pobo e distingui-lo ben e o mal. ¿Quen, se non, podería gobernar este pobo tan grande?»

Ó Señor pareceulle ben que Salomón pedise aquilo.

E díxolle:

—«Xa que pediches isto e non pediches para ti mesmo vida longa, nin riquezas, nin a vida dos teus inimigos, senón que pediches acerto para ben gobernar, vouche concede-lo que pediches: unha mente sabia e intelixente, como non a houbo antes de ti nin a haberá tampouco despois.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 118, 57 e 72. 76-77. 127-128. 129-130 (R.: 97a)

R.: ¡Canto amo, Señor, a túa Lei!

A miña sorte é o Señor:  
 eu propoño observa-la túa palabra.  
 A lei da túa boca é para min más preciada  
 cós milleiros en moedas de ouro e prata. R.

Que a túa misericordia me console,  
 conforme o prometiches ó teu servo.  
 Que a túa compaixón veña a min e vivirei;  
 a túa lei é a miña alegría. R.

Eu amo os teus mandamentos,  
 por riba do ouro más puro.  
 Guíome polas túas normas  
 e aborrezo o camiño da mentira. R.

Admirable é a túa revelación,  
 por iso a observa a miña alma.  
 A túa palabra ó revelarse ilumina,  
 fai sabios ós ignorantes. R.

## SEGUNDA LECTURA

### Predestinounos a reproducírmola imaxe do seu Fillo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 8, 28-30

Irmáns:  
 Sabemos que todo colabora para o ben dos que aman a Deus, dos que foron escollidos segundo os seus designios.  
 Pois ós que primeiro coñeceu, predestinounos a reproducí-la imaxe do seu Fillo, de tal maneira que el sexa o primoxénito entre moitos irmáns.

E ós que predestinou, a eses chamou; e ós que chamou, a eses xustificou; e ós que xustificou, a eses glorificou.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Mt 11, 25

*Se no se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Bendito es ti, Pai, Señor dos ceos e mais da terra,  
porque lles revelaches ós humildes os misterios do Reino.  
Aleluia.

## EVANXEO

### **Vendeu todo canto tiña e comprou o agro aquel**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 13, 44-52

Naquel tempo, díxolle Xesús á multíitude:

—«O Reino dos Ceos é semellante a un tesouro agachado nunha leira; o home que o atopou, vólveo agachar e, cheo de alegria, vai e vende canto ten e merca aquela leira.

Tamén se parece o Reino dos Ceos a un negociante que anda á procura de perlas finas; en atopando unha de gran valor, foi e vendeu canto tiña, e mercouna.

Do mesmo xeito, o Reino dos Ceos é semellante a unha rede varredoira largada no mar, que recolleu peixes de tódalas castes. Unha vez chea, tiraron por ela para a ribeira e, sentados, xuntaron os bons nas patelas, e tiraron os malos fóra.

Así será na fin do mundo: Sairán os anxos, e do medio dos xustos arredaráns os malos para botalos no forno do lume: Alí haberá pranto e renixer de dentes.

¿Entendestes todo isto?»

Eles reponderon:

—«Entendemos.»

El concluí:

—«Por iso, todo letrado que se fai discípulo do Reino dos Ceos parécese a un pai de familia que saca do seu tesouro cousas novas e cousas vellas.»

Palabra do Señor.

---

Ou más breve:

- + Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 13, 44-46

Naquel tempo, díxolle Xesús á multíitude:

—«O Reino dos Ceos é semellante a un tesouro agachado nunha leira; o home que o atopou, vólveo agachar e, cheo de alegría, vai e vende canto ten e merca aquela leira.

Tamén se parece o Reino dos Ceos a un negociante que anda á procura de perlas finas; en atopando unha de gran valor, foi e vendeu canto tiña, e mercouna.»

Palabra do Señor.

---